

PROTOCOLO XERAL DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) E O COLEXIO DE EDUCADORES E EDUCADORAS SOCIAIS DE GALICIA (CEESG)

17 de decembro de 2024

COMPARECEN

Dunha parte a Universidade da Coruña, a partir de agora UDC, con sede na Coruña, rúa da Maestranza, 9, e no seu nome e representación, Ricardo José Cao Abad, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, no uso das atribucións que lle confire o artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG de 26 de maio).

Doutra parte, o Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia (en adiante, CEESG), con CIF Q1500270B e domiciliada en Rúa de Lisboa, 20. 15707-Santiago de Compostela e no seu nome e representación Dona Sonia González Rodríguez, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude de Presidenta.

EXPOÑEN

1. Que ambas as entidades teñen obxectivos e intereses comúns nos campos académico, científico e cultural.
2. Que para contribuír á mellora económica e social dos pobos é de fundamental importancia que se establezan relacións de intercambio nos campos da ciencia e a cultura.
3. Que as universidades son institucións chamadas pola súa esencia, finalidade e obxectivos a establecer as canles de comunicación que permitan o intercambio do coñecemento científico e cultural.
4. Que o CEESG é unha corporación de dereito público constituída por lei, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins que ten como obxecto e fins ordenar o exercicio profesional en calquera das súas formas de modalidades; representar os intereses xerais relacionados co exercicio da profesión de educación social; cooperar na mellora dos estudos conducentes á obtención do título de educación social; mellorar o nivel de calidade das prestacións profesionais das/dos

colexiadas/os, promovendo a súa formación e perfeccionamento; defender os intereses profesionais das/dos colexiadas/dos; velar para que a actividade profesional se adecúe aos intereses da cidadanía; promover o recoñecemento social e profesional da educación social.

Que por todo o anterior as dúas institucións consideran conveniente afianzar a súa colaboración académica e científica establecendo os instrumentos adecuados e, para os efectos, deciden subscribir un convenio de cooperación académica, científica e cultural, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FINALIDADE DO ACORDO DE COOPERACIÓN

O Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG) e a Universidade da Coruña (UDC), comprométense a fomentar o intercambio de experiencias e de persoal nos campos da docencia, a investigación e a cultura en xeral, dentro daquelas áreas nas cales ambas as dúas teñan interese manifesto.

A través do presente Convenio establécense os termos e condicións polas que se rexerá a colaboración entre Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG) e a Universidade da Coruña (UDC) para o *Estudo diagnóstico da situación da profesión do educador/a social en Galicia* (en adiante, EDUSOGAL) e o desenvolvemento do *I Congreso Internacional, profesional e Interuniversitario de Educación Social* (en adiante CIPIES).

SEGUNDA. MODALIDADES DE COLABORACIÓN

Co fin de satisfacer os obxectivos definidos no artigo anterior, ambas as partes comprométense, na medida dos medios de que poidan dispoñer, e conforme ás normas de cada entidade, de maneira enunciativa pero non limitativa, a:

- a) Facilitar o intercambio por tempo limitado de profesionais, profesores e investigadores.
- b) Favorecer a participación en proxectos e programas de investigación e desenvolvemento, bilaterais ou multilaterais.
- c) Cooperar en programas de formación de persoal asistencial, investigador e/ou técnico.

- d) Asesorarse mutuamente en cuestións relacionadas coa actividade de ambas as entidades.
- e) Intercambiar libros, publicacións e outros materiais de investigación e docencia sempre que non haxa compromisos anteriores que o impidan.
- f) Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e das actividades que constituían o obxecto do presente acordo.

TERCEIRA. ESTABLECEMENTO DA COOPERACIÓN

Coa finalidade de acadar os obxectivos pretendidos mediante a sinatura deste convenio, ambas partes comprométense ao seguinte:

A Universidade da Coruña:

- A colaborar no deseño e realización do Estudo diagnóstico da situación da profesión da Educación Social en Galicia (EDUSOGAL), así como na difusión dos resultados (seminarios, publicacións...), poñendo a disposición os recursos humanos que se enumeran no Anexo Técnico.
- A colaborar na organización do I Congreso Internacional, profesional e Interuniversitario de Educación Social (CIPIES), que se desenvolverá os días 8 e 9 de maio de 2025 na cidade de Santiago de Compostela, poñendo a disposición os recursos humanos que se enumeran no Anexo Técnico.

O CEESG:

- A colaborar no deseño e realización do Estudo diagnóstico da situación da profesión da Educación Social en Galicia (*EDUSOGAL*), poñendo a disposición o coñecemento dos recursos humanos que se enumeran no anexo técnico, e o seu local (situado na Rúa Lisboa, 20. Santiago de Compostela) para a realización de reunións de traballo.
- A colaborar na organización do I Congreso Internacional, profesional e Interuniversitario de Educación Social (CIPIES), que se desenvolverá os días 8 e 9 de maio de 2025 na cidade de Santiago de Compostela, poñendo a disposición o coñecemento dos recursos humanos que se enumeran no anexo técnico e colaborando coa busca de financiamento a través de diversas administracións públicas.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para facilitar a elaboración dos convenios e o seu cumprimento constituirase unha comisión de seguimento paritaria integrada por María Barba Núñez ou a persoa en quen delegue por parte da UDC e pola presidenta Sonia González Rodríguez, ou persoa en quen delegue por parte de Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. A dita comisión levará a cabo, polo menos anualmente, un balance das accións realizadas ou en curso e elaborará un informe que lles será comunicado ás instancias apropiadas.

QUINTA. FINANCIAMENTO

Non se contemplan contraprestacións económicas entre as Partes no presente Convenio. As dúas entidades, baseándose na xusta reciprocidade, intentarán conseguir os fondos de financiamento externos que se utilizarán para apoiar as actividades que se van realizar no ámbito deste acordo.

SEXTA. SENTIDO DO ACORDO

O presente acordo non se debe interpretar no sentido de crear unha relación legal ou financeira entre as partes. Este constitúe unha declaración de intencións cuxo fin é promover auténticas relacións de beneficio mutuo en materia de colaboración académica.

SÉTIMA. DURACIÓN

O acordo suscrito terá unha duración de 2 anos, que contan desde a data da súa sinatura, unha vez que o ratifique o Consello de Goberno segundo o artigo 27.2.0) dos Estatutos da UDC, despois dos cales se poderá renovar por iniciativa de calquera das partes.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, as partes asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga, por un período de ata catro anos adicionais, ou a súa extinción.

OITAVA.– CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN E PROPIEDAD DOS RESULTADOS

As Partes manterán confidencialidade tanto daquela información institucional, científica ou técnica que non sexa de dominio público á que tivesen acceso no marco da súa colaboración en virtude do presente Convenio, como aquela outra información relacionada cos datos, coñecementos e resultados xerados durante o desenvolvemento e como consecuencia dos traballos directamente imputables á execución do proxecto

EDUSOGAL. Dita información Confidencial non será utilizada para outros propósitos alleos ao Proxecto.

As Partes comprométense a respectar as normas de confidencialidade dispostas na Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, e o Regulamento de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

Os resultados derivados do desenvolvemento deste Convenio non incluídos no ámbito de aplicación da normativa de propiedade intelectual corresponden a ambas partes, que poderán reproducilos e divulgalos para fins propios das mesmas.

Na difusión de resultados farase sempre mención ao presente Convenio.

Aqueles resultados obtidos susceptibles de protección respecto á súa propiedade intelectual poñeranse, por parte dos interesados, en coñecemento dos responsables do Convenio, que adoptarán as medidas ao seu alcance para que se respecten os dereitos derivados da normativa vixente nesta materia.

O CEESG autoriza á UDC a dar información pública da firma deste Convenio.

NOVENA. DISCREPANCIAS

As cuestións litixiosas que xurdan a respecto da interpretación, a modificación, a resolución e os efectos deste convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes.

En defecto de acordo, as partes someteranse ao xulgado ou tribunal da xurisdición contencioso-administrativa que corresponda.

En proba de conformidade, as partes asinan dixitalmente este convenio.

O reitor
da Universidade da Coruña

Cargo
Colexio de Educadoras e Educadores
Sociais de Galicia

Ricardo José Cao Abad

Sonia González Rodríguez

ANEXO TÉCNICO ACCIÓN 1 E 2

Acción 1. Estudo diagnóstico da situación da profesión do educador/a social en Galicia (EDUSOGAL)

Desde o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia en colaboración coas universidades galegas que imparten o título de Grao en Educación Social, desenvólvese estudo diagnóstico en torno á situación da profesión das educadoras e educadores sociais no contexto galego. Trátase dun estudo-diagnóstico de relevancia que permite recoller información de interese para CEESG, no coñecemento da actualidade da profesión e o desenvolvemento dos seus cometidos, e para as Universidades, na análise das necesidades formativas dos/as egresados/as e das súas demandas e propostas de mellora.

1.- OBXECTIVO

De acordo, co indicado anteriormente, obxectivo xeral céntrase en co-deseñar e desenvolver co CEESG unha diagnose acerca da situación actual profesión da Educación Social en Galicia, que se concreta nos seguintes obxectivos de carácter específico:

- Coñecer os principais ámbitos de acción profesional dos educador/as sociais en Galicia na actualidade.
- Analizar as necesidades formativas, tanto iniciais como en servizo, da profesión.
- Estudar as funcións que desempeñan os educadores/as sociais nos seus espazos de intervención profesional (específicas, compartidas, etc.)
- Analizar o grao de satisfacción co exercicio profesional.
- Identificar demandas e propostas de futuro para a mellora da profesión.

2.- PLAN DE TRABAJO

O proxecto desenvolverase nos anos 2024 e 2025 podendo prorrogarse, como máximo, ata o 31/12/2026.

3.- EQUIPO DE TRABAJO

Pola Universidade da Coruña

María Barba Núñez (Coordinadora)

Luisa Losada Puente

Laura Cruz López

Polo CEESG

Sonia González Rodríguez (CEESG-Presidencia) (Coordinadora)

Natalia Domínguez Galán (CEESG-colexiada)

4.- LUGAR DE TRABAJO

UDC:

Facultade de Ciencias da Educación,
Campus Elviña, 15707, A Coruña

CEESG:

Sede: Rúa Lisboa, 20. 15717-Santiago de Compostela

Acción 2. I Congreso Internacional, Profesional e Interuniversitario de Educación Social (CIPIES)

Desde o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia en colaboración coas catro universidades do territorio galego (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo e UNED), organizan un congreso internacional, profesional e interuniversitario que busca ser un espazo de divulgación e reflexión científica e profesional da educación social.

1.- OBXECTIVO

De acordo co indicado anteriormente, obxectivo xeral céntrase en xerar un espazo de carácter científico e de divulgación no que convidar a investigadoras/es e profesionais a compartir investigacións, experiencias, coñecementos e prácticas innovadoras que contribúan a facer avanzar a educación social.

2.- PLAN DE TRABAJO

O proxecto desenvolverase nos anos 2024 e 2025, prevéndose a celebración do Congreso os días 8 e 9 de maio de 2025. As actividades derivadas non se estenderán nunca máis aló do 31/12/2025.

3.- EQUIPO DE TRABAJO

Pola Universidade da Coruña

María Barba Núñez – Coordinadora

Luisa Losada Puente

Román Suárez Canedo

Polo CEESG

Sonia González Rodríguez (Presidencia) - Coordinadora

Rocío Núñez Rúa (Vicepresidencia)

Daniel Longarela Iglesias (persoal técnico)

Montserrat Sánchez Barcia (persoal técnico)

4.- LUGAR DE TRABAJO

UDC:

Facultade de Ciencias da Educación,

Campus Elviña, 15071 A Coruña

CEESG:

Sede: Rúa Lisboa, 20. 15707, Santiago de Compostela